



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Apertura prazo presentación solicitudes para as autorizacións para os servizos de formación e ensinanza das modalidades deportivas de surf, bodyboard, longboard e paddle surf do ano 2022

ANUNCIO

En data de 22/12/21 o señor Alcalde do Concello de Porto do Son ditou a resolución que é do teor literal seguinte, o que se fai publico:

“D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, de acordo coas competencias atribuídas no artigo 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

En data 21/12/21 publicouse no BOE nº 304 o anuncio da Demarcación de Costas de Galicia de información pública relativa aos servizos de tempada nas praias da provincia de A Coruña correspondentes ao ano 2022.

De acordo coas bases achegadas pola Demarcación de Costas, o Concello de Porto do Son ten asumido a xestión de ditos servizos e concedido mediante Decreto 2020-0629 de data 17/08/2020 as autorizacións para a instalación de quioscos de tempada nas praias e terrazas do DPMT durante un prazo de 4 anos (2020-2023).

Visto o anterior, as persoas físicas e xurídicas interesadas no outorgamento de autorización para os servizos de formación e ensinanza das modalidades deportivas de surf, bodyboard, longboard e paddle surf correspondentes ao ano 2022 que pretendan prestarse en terreos de DPMT da provincia de A Coruña disporán dun prazo de presentación de solicitudes dende o día seguinte a súa publicación no BOP do anuncio correspondente ata o 27/01/2022.

Os interesados deberán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son empregando o modelo normalizado de solicitude dispoñible nas oficinas municipais e na Demarcación de Costas.

Visto o anterior, esta alcaldía en uso das súas atribucións

Resolve

Primeiro: *Outorgar, aos interesados no outorgamento de autorización para os servizos de formación e ensinanza das modalidades deportivas de surf, bodyboard, longboard e paddle surf correspondentes ao ano 2022 e que pretendan prestarse en terreos de DPMT da provincia de A Coruña, un prazo de presentación de solicitudes dende o día seguinte a súa publicación no BOP do anuncio correspondente e ata o 27/01/2022.*

Segundo: *Publicar este Decreto no BOP ós efectos oportunos.”*

Porto do Son, a 27 de decembro de 2021.

José Luis Oujo Pouso

2021/8901